



BASES QUE REXERÁN O I CERTAME DE POESÍA E RELATO CURTO “BATALLÓN LITERARIO DA COSTA DA MORTE”

EXPEDIENTE Nº 2026/A002/000005

1.- O Concello de Cee convoca a **1ª edición do Certame de Poesía e Relato Curto “Batallón Literario da Costa da Morte”**. A convocatoria do premio terá carácter rotatorio: os anos pares estará destinado á poesía e os anos impares ao relato curto, quedando, pois, a convocatoria deste ano 2026, adicada á **poesía**.

2.- Poderán optar ao premio todas as autoras e autores maiores de idade que o desexen, sempre que o seu orixinal estea escrito en **lingua galega**.

3.- Fíxase un premio, único e indivisible, de **3.000 €**. Sobre esta contía serán aplicadas as retencións fiscais oportunas.

4.- Os traballos poéticos, cunha extensión mínima de **400 versos**, serán orixinais, inéditos e non premiados noutros concursos en datas anteriores á resolución do xurado. Non se admitirán aquelas obras elaboradas con ferramentas de intelixencia artificial e tampouco as que conteñan connotacións sexistas, xenófobas, racistas ou ofensivas contra persoas ou institucións.

5.- **Presentación dos traballos:**

Os poemarios poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Cee, sito no 1º andar da Casa do Concello (Rúa Domingo A. de Andrade, s/n) en horario de mañá de luns a venres de 9.30-13.30 horas, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2025 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións.

Aqueles que se presenten por correo postal, farano ao seguinte enderezo:

Concello de Cee. Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña), facendo constar no sobre exterior: *I Certame de Poesía e Relato Curto “Batallón Literario da Costa da Morte”*.

Formas de presentación:

- en formato dixital, por medio dun lapis de memoria, que irá acompañado dunha plica ou sobre pechado na que figurarán o título e lema.
- en formato físico: a obra entregarase por cuadruplicado coas súas follas mecanografadas a dobre espazo, por unha soa cara, e numeradas, acompañado dunha plica ou sobre pechado na que figurarán o título e lema.

Independentemente da forma de presentación, noutro sobre incluírase a seguinte documentación:

- Número do DNI da persoa autora.
- Datos de contacto (enderezo postal, teléfono e enderezo de correo electrónico)

- Breve currículo literario.
- Solicitud de participación, debidamente cubierta, conforme ao modelo normalizado que se estableza na convocatoria (Anexo I).
- Declaración de autoría e orixinalidade, titularidade dos dereitos da obra, da condición de atoparse libre de cargas e limitacións de explotación, de cesión dos dereitos da obra, incluídos os de publicación, explotación e distribución por un prazo de doce meses dende a data de concesión do premio (Anexo I)
- Declaración de aceptación das presentes bases (Anexo I).
- Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social e de non atoparse incurso/a en ningunha das prohibicións para ser beneficiario/a de subvencións públicas, conforme á Lei 38/2003, xeral de subvencións (Anexo II).
- Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que consten na solicitude de participación, de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (Anexo II).

Cada persoa autora só poderá enviar un traballo ao certame (se enviase máis dun será descalificada).

6.- Prazo de presentación: a partir do día seguinte da publicación desta convocatoria no BOP e rematará o día **27 de xuño** (incluído). As bases publicaranse no BOP, taboleiro de anuncios habilitado na sede electrónica de este organismo e na páxina web do concello: www.cee.gal

7.- O xurado estará presidido pola alcaldesa do Concello de Cee, ou persoa na que delegue, se ben non terá voz nin voto nas deliberacións do mesmo, así como por un Secretario/a que estenderá a/s acta/s respectivas, tamén sen voz nin voto. O resto de compoñentes do xurado (tres), será nomeado por Decreto da Alcaldía, tendo que ser persoas de recoñecido prestixio no ámbito da literatura galega. O xurado poderá declarar deserto o premio se non alcanzan a calidade mínima. As súas deliberacións son secretas. As obras e plicas presentadas e non premiadas, poderán ser recollidas polo autor/a no Concello de Cee, no prazo dun mes desde a data do fallo.

Ningún membro do xurado poderá participar como concursante. Ademais quedarán suxeitos ao réxime xeral de abstención e recusación. Contra os acordos que adopte o xurado do concurso, non procederá reclamación algunha, salvo que se teña constancia de vulnerar o estipulado nas presentes bases.

Para emitir o seu veredicto, o xurado terá en conta a creatividade (5 puntos) e a orixinalidade (5 puntos) dos traballos presentados.

8.- A resolución do xurado farase pública na **última semana de xullo e notificarase aos interesados de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/15 do 1 de outubro de LPAC. Así mesmo, publicarase na Sede electrónica do Concello** e o acto de entrega terá lugar o **9 de agosto de 2026**.

Se unha vez fallado o premio, constatácese fidedignamente que a obra premiada non é orixinal, en todo ou en parte, ou o gañador renunciase ao mesmo, o Xurado reunirse para revogar o fallo, e en calquera dos dous supostos deberá declarar deserta a concesión do premio ou outorgalo a outro dos finalistas. No suposto de revogación do



fallo ou renuncia por parte do gañador, este estará obrigado a devolver integramente o importe do premio, se este xa lle tivese sido entregado, facéndose cargo, á súa vez, dos posibles gastos que puidese xerar esta devolución.

Para o abono do premio, o gañador deberá achegar previamente a seguinte documentación:

- a. Declaración responsable de cumprir os requisitos do Art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións sobre requisitos para obter a condición de beneficiario, ou os previstos na norma que puidese modificar ou substituír a esta.
- b. Comunicación ao Concello da obtención ou non doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- c. Documentos acreditativos de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e das súas obrigacións fronte á Seguridade Social. O certificado de estar ao corrente das obrigacións fronte ao Concello de cee será achegado polo propio Concello de Cee.
- d. Debe certificar que o poema ou conxunto de poemas é froito da súa creatividade privado, que é o seu propio traballo e que non se infrinxiron os dereitos de autor doutras persoas, así como que non se tratou con intelixencia artificial.

9.- Propiedade intelectual e publicación da obra ganadora:

- a) A persoa gañadora do concurso conservará integramente os dereitos de propiedade intelectual da súa obra.
- b) O Concello de Cee, reservarase, durante o prazo de 12 meses establecido nestas bases, o dereito de publicar a obra gañadora sen ningún pagamento adicional ao autor, cuxos dereitos de explotación desta 1ª edición se entenderán cubertos co abono do premio e a entrega de 15 exemplares do libro. En posteriores edicións, se has houbese, deberá facerse constar que a obra publicada resultou premiada na edición correspondente do Certame de Poesía e Relato Curto "Batallón Literario da Costa da Morte".
- c) Os gañadores faranse totalmente responsables fronte ás reclamacións que puidesen xurdir de calquera natureza ou que terceiros puidesen facer ao respecto, sen carácter exhaustivo, á orixinalidade, parecidos ou copias parciais dos traballos presentados.

10.- A participación neste I Certame de Poesía e Relato Curto "Batallón Literario da Costa da Morte" supón a total aceptación destas bases.

11.- Información básica sobre o tratamento de protección de datos de carácter persoal.

De acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, así como no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais achegados polas persoas interesadas, infórmase que:

O concello de Cee con CIF P1502300E e dirección en Domingo Antonio de Andrade s/n



15270, Cee (A Coruña) é o responsable do tratamento.

A finalidade para o tratamento de datos persoais é a xestión e posterior concesión de premios no Certame de Poesía e relato curto, de acordo con os principios de obxectividade, publicidade, libre concorrencia e igualdade, así como a tramitación deste procedemento, verificación dos datos e documentos que a persoa interesada achega na súa solicitude para levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven, así como informar sobre o estado de tramitación.

As bases de lexitimación para o seu tratamento son as seguintes: 6.1.e) O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigacións legais impostas a devandito responsable, artigo 6.1.c), do RGPD, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. En concreto, a competencia e obrigacións previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Estarán lexitimados polo interese público os tratamentos de datos realizados para a xestión do procedemento de selección como a xestión de solicitudes e os actos de instrución. 6.1. c) Terán como base de lexitimación o cumprimento dunha obrigación legal os seguintes tratamentos en relación coas normas que se citan a continuación:

- a) As publicacións realizadas con efectos de notificación de acordo con as normas do procedemento.
- b) Lei 38/2003, do 17 de novembro , xeneral de subvencións.
- c) As publicacións realizadas en páxina web do Concello e o taboleiro de anuncios esixibles pola Lei 19/2013, do 9 de decembro , de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Os datos poderán ser comunicados ao Ministerio de Facenda e das administracións públicas, intervención xeral da administración do estado, axencia estatal de administración tributaria, tesourería xeral da seguridade social, servizo público de emprego estatal, entidades bancarias e base de datos nacional de subvencións. Así mesmo, publicarase o ganador/a no portal de transparencia, taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web nos termos que marca a disposición adicional sétima dá Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro , de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos e de conformidade con normativa de arquivos e documentación.

A persoa interesada pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, a limitación do seu tratamento, oposición, portabilidade e non ser sometido a unha decisión baseada exclusivamente no tratamento dos datos persoais a mediante escrito dirixido ao Concello de Cee na dirección arriba indicada ou a través da sede electrónica do propio concello.



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña) CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757

correo@cee.gal

www.cee.gal

Así mesmo, poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición mediante escrito remitido á dirección do Responsable arriba indicada, solicitar máis información mediante correo electrónico á dirección dpd@cee.gal ou a través do Rexistro xeral do Concello de Cee incluíndo petición en que se concreta a solicitude, dirección a efectos de notificacións, data e firma do solicitante. Pode obter información máis detallada sobre ou tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@cee.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello accedendo ao seguinte ligazón <https://cee.gal/gl/privacidade/>

En Cee na data da sinatura dixital.
Sra alcaldesa do Concello de Cee:
D^a Margarita Lamela Louzán.



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña) CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757

correo@cee.gal

www.cee.gal



ANEXO 1

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN, DECLARACIÓN DE AUTORÍA E ACEPTACIÓN DAS BASES DO I CERTAME DE POESÍA E RELATO CURTO "BATALLÓN LITERARIO DA COSTA DA MORTE"	SOLICITUDE
---	------------

DATOS DO SOLICITANTE

Nome e apelidos:		
Nº CIF/NIF:	Correo electrónico a efectos de notificación telemática:	
Enderezo a efectos de notificación:		
Código postal:	Localidade:	Provincia:
Teléfono 1:	Teléfono 2:	

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Que desexo participar no I CERTAME DE POESÍA E RELATO CURTO "BATALLÓN LITERARIO DA COSTA DA MORTE", modalidade para este ano 2026: POESÍA
2. Que garanto a autoría e orixinalidade deste traballo, que é inédito na súa totalidade e non foi premiado, total ou parcialmente, noutros certames.
3. Que son titular de todos os dereitos de autoría da obra e que esta se atopa libre de cargas e/ou limitacións aos dereitos de explotación e non mantén compromiso de publicación con ningunha editorial.
4. Que se este traballo resulta premiado, cédolle ao Concello de Cee os seus dereitos de publicación, edición e difusión nos termos establecidos nas bases.
5. Que acepto incondicionalmente a totalidade destas bases así como o resto da lexislación aplicable.

ACHEGO: (Marcar cunha "X")

- Anexo 1.** Solicitud de participación.
- Copia do DNI.**
- Breve currículo literario.**

En, de de 2026.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

Sinatura

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais LOPDGDD, infórmase que os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario serán tratados polo CONCELLO DE CEE, con CIF P1502300E con enderezo en **Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña)** como Responsable do Tratamento e incorporados ao departamento de cultura á cal vaia dirixida a presente solicitude coa finalidade de xestionar a súa petición de subvencións outorgadas polo Concello. Os datos serán tratados de maneira confidencial e serán cedidos a outras entidades para levar a cabo a tramitación da súa solicitude. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art. 6.1 e) do RXP: "en cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos a este Concello" e o artigo 6.1.c) "O cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento". Os datos persoais que nos proporciona mediante este documento conservaranse durante o prazo necesario para o fin para o que foron recollidos ou, no seu caso, para o cumprimento das obrigaóns legais que deriven do mesmo. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: Concello de Cee con enderezo en Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña) ou a través da sede electrónica <https://sede.cee.gal>. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dgd@cee.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello accedendo ao seguinte enlace <https://cee.gal/es/privacidade/>



ANEXO 2

I CERTAME DE POESÍA E RELATO CURTO "BATALLÓN LITERARIO DA COSTA DA MORTE"	DECLARACIÓN RESPONSABLE
---	-------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

Nome e apelidos:	
Nº CIF/NIF:	Correo electrónico a efectos de notificación telemática:
Enderezo a efectos de notificación:	

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Que teño plena capacidade de obrar para concorrer á convocatoria do I CERTAME DE POESÍA E RELATO CURTO "BATALLÓN LITERARIO DA COSTA DA MORTE" (modalidade para este 2026: POESÍA).
2. Que cumpro coas disposicións das bases do certame.
3. Que non me atopo incurso/a en ningunha das prohibicións para ser beneficiario/a de subvencións públicas, conforme á Lei 38/2003, xeral de subvencións.
4. Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.
5. Autorizo o Concello de Cee a obter por medios telemáticos os certificados correspondentes de atoparme ao corrente dos deberes tributarios e coa Seguridade Social.
6. Que acepto o premio que a miña obra puidera recibir, segundo o estipulado nas BASES e que me comprometo a cumprir co disposto nelas.
7. Que consinto expresamente o tratamento dos meus datos persoais, que constan na solicitude, para a participación no Premio, de conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

En, de..... de 2026.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Sinatura

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais LOPDGDD, infórmaselle que os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario serán tratados polo CONCELLO DE CEE, con CIF P1502300E con enderezo en **Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña)** como Responsable do Tratamento e incorporados ao departamento de cultura á cal vaia dirixida a presente solicitude coa finalidade de xestionar a súa petición de subvencións outorgadas polo Concello. Os datos serán tratados de maneira confidencial e serán cedidos a outras entidades para levar a cabo a tramitación da súa solicitude. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art. 6.1 e) do RXPD: "en cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos a este Concello" e o artigo 6.1.c) "O cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento". Os datos persoais que nos proporciona mediante este documento conservaranse durante o prazo necesario para o fin para o que foron recollidos ou, no seu caso, para o cumprimento das obrigaóns legais que deriven do mesmo. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: Concello de Cee con enderezo en Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña) ou a través da sede electrónica <https://sede.cee.gal>. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@cee.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello accedendo ao seguinte enlace <https://cee.gal/es/privacidade/>